

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A FUNDACIÓN
REPSOL EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

REÚNENSE:

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, publicado no DOG núm. 94, do 16 de maio e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 119/2022, do 20 de xuño, publicado no DOG núm. 126, do 4 de xullo, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. (en diante, a Consellería).

Don António Calçada de Sá, con NIE X1183650R, na súa calidade de director xeral da Fundación Repsol, con domicilio social na c/ Méndez Álvaro, 44 - 28045 Madrid, con CIF número G81251860, que actúa en representación desta, facendo uso do poder outorgado ao seu favor o 17 de xaneiro de 2019 ante o notario de Madrid don Jaime Recarte Casanova, co número 223 do seu protocolo de instrumentos públicos.

MANIFESTAN:

1. Que, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo

as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como lingua cooficial do idioma galego, polo que deberá adoptar as medidas oportunas para o seu fomento e estimular e apoiar as manifestacións culturais realizadas en galego.

2. Que no ámbito da Administración autonómica galega, lle corresponden á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia, para o que ten que xestionar e coordinar actuacións para potenciar e fomentar o galego. Para este fin precisa colaborar, na medida do posible, con outros axentes ou entidades públicas e privadas que actúan no ámbito autonómico para potenciar e achegar o idioma galego a todos os ámbitos sociais.

3. Que as dúas partes son conscientes de que as institucións e entidades que desenvolven a súa actividade en Galicia teñen que colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso ás relacións laborais, comerciais e empresariais coa finalidade de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

4. Que o obxecto da Fundación Repsol é o de ser «expresión da vocación de responsabilidade social corporativa do Grupo Repsol e, en particular, do seu compromiso coa mellora sostida das sociedades nas que desenvolve as súas actividades industriais e empresariais», e pode levar a cabo este propósito mediante a persecución de fins de interese xeral de carácter social,

cultural, ambiental, así como científico, educativo e de fomento da investigación, os cales poderán ser desenvoltos mediante plans ou programas de actuación consistentes en «accións directas da propia Fundación Repsol ou na súa participación ou apoio a programas e accións impulsadas por terceiros».

5. Que a Consellería e a Fundación Repsol consideran que unha das mellores maneiras de estimular a normalización da lingua galega é a de fomentar todo tipo de creatividade en galego e, neste sentido, decidiron colaborar na convocatoria e desenvolvemento do "Premio de Narrativa Breve Repsol", en diante, o "**Proxecto**", cuxas características se describen máis adiante e que viña organizando tradicionalmente a Refinería de Repsol Petróleo, SA na Coruña.

6. Que o contido do Proxecto é coñecido pola Fundación Repsol e encaixa dentro dos fins de carácter social e cultural descritos e nos estatutos da Fundación Repsol.

7. Que, en virtude do anteriormente exposto, a Consellería e a Fundación Repsol (conxuntamente denominadas, as "Partes") recoñecendo reciprocamente capacidade legal suficiente para intervir neste acto, acordan asinar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN (en diante, o "Convenio") de conformidade coas seguintes,

ESTIPULACIÓNS:

Primeira. Obxecto do Covenio

O obxecto deste Convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e a Fundación Repsol para organizar conxuntamente a convocatoria e desenvolvemento do Premio de Narrativa Breve Repsol 2023 para escritores en lingua galega.

As bases e condicións de participación da convocatoria deste premio figuran como anexo deste Convenio e forman parte integrante del.

Segunda. Obrigas da Fundación Repsol

Mediante a sinatura deste Convenio, a Fundación Repsol comprométese a organizar, xestionar e executar todas as actividades que teñan relación co —Proxecto, tales como a elaboración de bases, convocatorias, circulares, documentación, constitución do xurado, organización do acto de presentación e do acto de entrega de premios, facilitándolle ao persoal que interveña na realización e desenvolvemento do premio as infraestruturas e os medios necesarios.

Por outra banda, a Fundación Repsol comprométese a realizar a dotación económica do premio por un importe de **DOCE MIL EUROS (12.000,00 €)** de acordo como o estipulado nas bases do Proxecto.

Terceira. Obrigas da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

En virtude deste acordo, a Consellería, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, comprométese a colaborar coa Fundación Repsol nas seguintes actividades relacionadas co desenvolvemento do—Proxecto:

- Na constitución do xurado do Proxecto, que se compondrá de personalidades de recoñecido prestixio no ámbito literario e cultural, preferentemente críticos literarios.
- Na prestación de apoio institucional na organización das actividades que teñan relación co Proxecto, así como na súa entrega do premio.

- Na difusión do Proxecto mediante actuacións informativas e divulgativas, roldas de prensa e na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- En calquera outra que as Partes acordasen expresamente.

Cuarta. Asesoramento en materia lingüística

A Consellería, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, prestaralle apoio e asesoramento técnico á Fundación Repsol en relación cos aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades obxecto do presente Convenio.

Quinta. Orzamento e financiamento do convenio

A execución das obrigas deste convenio de colaboración non suporán un custo económico directo imputable á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades sen prexuízo de que para o cumprimento dos fins relacionados coa responsabilidade social corporativa a Fundación Repsol asuma a dotación económica do premio na súa integridade por un importe de **doce mil euros (12.000,00 €)** de acordo como o estipulado nas súas bases.

Sexta. Propiedade industrial, imaxe e marca

A denominación social de cada unha das Partes, as súas marcas rexistradas, logotipos e calquera signo distintivo son propiedade exclusiva de cada unha delas.

Ningunha das Partes asinantes do presente Convenio poderá utilizar marcas, distintivos ou dereitos de propiedade industrial, imaxe e marca da outra Parte para fins distintos dos expresamente indicados neste documento.

Cada unha das Partes garántelle á outra que é titular da totalidade das marcas e de calquera outro dereito de propiedade

industrial, imaxe e marca que serán utilizados pola outra Parte en virtude deste Convenio ou, de ser o caso, que conta coas autorizacións correspondentes do seu titular. No marco das obrigas previstas no presente Convenio a utilización pola Fundación Repsol, dos logotipos e da imaxe corporativa da Xunta de Galicia, para promover a súa acción normalizadora e de dinamización lingüística requirirá a supervisión e aprobación previa da SXPL que, ademais, fará indicacións respecto da colocación e localización dos signos distintivos na documentación ou soporte de que se trate. A utilización das marcas e de calquera outro dereito de propiedade industrial, imaxe ou marca titularidade da outra Parte para os fins previstos no presente Convenio non comportará de ningún xeito a adquisición por aquela de ningún dereito sobre estes.

Sétima. Confidencialidade

As Partes acordan expresamente cumprir coa obriga de confidencialidade daquela información que a outra Parte identifique como "**Información Confidencial**", adoptando as medidas necesarias para iso e destruindo a devandita información cando así o solicite a outra Parte.

A obriga de confidencialidade significará:

- (A) Non revelar información confidencial e manter o seu segredo e confidencialidade en todo momento, de acordo co establecido nesta cláusula.
- (B) Non utilizar a Información confidencial para fins distintos da natureza deste Acordo.
- (C) Conservar e custodiar a Información Confidencial coa máxima dilixencia, evitando en todo momento a súa filtración.
- (D) Informar do carácter confidencial da Información Confidencial ás persoas coas que comparte a Información Confidencial.
- (E) Non difundir a Información Confidencial a terceiros sen o

consentimento previo, expreso e por escrito da parte que a revela.

O contido desta cláusula permanecerá en vigor durante un período de 5 anos desde a finalización do presente Acordo ou ata que a información pase a ser de dominio público sen intención ou negligencia mediadora por parte do destinatario da información.

Oitava.- Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste Convenio de colaboración deberanse levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento desta estipulación considerárase causa específica de resolución deste Convenio de colaboración.

Novena. Rexistro de convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste Convenio de colaboración suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao Convenio de colaboración, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, coa sinatura deste Convenio de colaboración as Partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen neste e máis o resto das especificacións

nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Décima.- Difusión da colaboración das Partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas co obxecto deste Convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das Partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas ou logos de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das dúas Partes comprométese a facer mención da outra parte e deste Convenio de colaboración.

Cada unha das Partes asinantes do Convenio someterá á aprobación previa da outra parte, antes da súa publicación definitiva, os lugares e características de impresión da súa denominación e logo en todo o material impreso, electrónico e/ou audiovisual que se produza, edite, publique, divulgue ou do que se leve a cabo unha comunicación pública en formato físico ou dixital.

Decimo primeira. Duración e extinción do Convenio

Este acordo estará vixente desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

A extinción deste acordo poderá producirse polas seguintes causas:

- Polo transcurso do período previsto para a súa vixencia
- Por mutuo acordo das Partes
- Por desistencia dunha das Partes
- Por incumprimento total ou parcial dalgunhas das estipulacións que o regulan
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas

- Polas demais causas de extinción previstas na lexislación vixente

Así mesmo, o uso non autorizado ou para un fin distinto ao pactado neste —Convenio realizado por calquera das partes dos signos distintivos da outra parte que estivesen protexidos por dereitos de propiedade industrial ou intelectual facultará a esta para resolver este acordo, sen prexuízo da correspondente indemnización de danos e perdas a que dese lugar e que, en tal suposto, deberá, así mesmo, ser satisfeita pola devandita parte infractora.

Décimo segunda. Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste Convenio crearase unha comisión paritaria de seguimento, constituída por dous representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística, nomeados polo seu titular, e dous representantes da Fundación Repsol.

Esta comisión coordinará o desenvolvemento do premio e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décimo terceira.- Responsabilidade das actuacións

A sinatura deste Convenio de colaboración non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades relacionadas coa convocatoria e desenvolvemento do Premio de Narrativa Breve Repsol 2023 para escritores en lingua galega e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir ningunha responsabilidade—nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria— polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do Convenio de colaboración.

Décimo cuarta. Avaliación de resultados

A Consellería, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, avaliará a realización das actividades relacionadas coa convocatoria e o desenvolvemento do Premio de Narrativa Breve Repsol 2023 e, así mesmo, a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua galega e na promoción e difusión da cultura.

Décimo quinta. Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio de colaboración respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e adoptar cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo sexta. Bo goberno e código de ética e conduta de colaboradores e provedores

As actuacións e colaboracións da Fundación Repsol teñen como base o cumprimento dunha serie de premisas recollidas no seu código de bo goberno (dispoñible para consulta en <http://www.fundacionrepsol.com/es/la-fundacion/codigo-de-buen-gobierno>), coa finalidade dunha maior transparencia e en liña

coas mellores prácticas de goberno corporativo para o óptimo desenvolvemento e execución dos seus fins fundacionais.

O devandito código de bo goberno ten por obxecto establecer as pautas xerais que deben rexer a conduta da Fundación Repsol, os membros do seu padroado e demais órganos e empregados desta, no desenvolvemento das actividades a través das que se materialicen os fins da Fundación Repsol.

En virtude da propia normativa interna de obrigado cumprimento para a Fundación Repsol, atendendo aos seus propios fins fundacionais e ao espírito do seu código de bo goberno, resulta necesario que calquera proxecto no que colabore a Fundación Repsol estea aliñado cos compromisos e principios recollidos nos devanditos documentos, asumindo como propio a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades o contido das obrigas da devandita normativa na medida en que lle resulte de aplicación para a correcta execución do proxecto.

Así mesmo, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades deberá respectar e cumprir as disposicións contidas no código de ética e conduta de colaboradores e provedores da Fundación Repsol (dispoñible para consulta en <http://www.fundacionrepsol.com/es/la-fundacion/codigo-etica-conducta-proveedores>)

Décimo sétima. Modificación do convenio

Se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias imprevistas debidamente xustificadas a Fundación Repsol, a entidade quere modificar ou cambiar algunha das actividades contempladas no texto do convenio, esta modificación ou cambio se instrumentará mediante a correspondente addenda que será acordada de mutuo acordo entre as partes.

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como

finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Décimo oitava. Lei aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Respecto da Fundación Repsol tamén lle será de aplicación ao obxecto deste Convenio as disposicións que lle sexan aplicables contidas na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, e no Real decreto 1270/2003, do 10 de outubro, que contén o seu desenvolvemento regulamentario.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

En proba de conformidade con canto antecede, ambas as dúas partes asinan dixitalmente este convenio e o seu anexo.

O conselleiro de Cultura,
Educación, Formación
Profesional e Universidades
Román Rodríguez González

O director xeral da Fundación
Repsol
Antonio Calçada de Sá

ANEXO

BASES XVII PREMIO DE NARRATIVA BREVE REPSOL

A Fundación Repsol, en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, no desexo de contribuír ao desenvolvemento da literatura galega, convoca a edición anual do Premio de Narrativa Breve Repsol, que se rexerá polas seguintes bases:

1. A este premio poderán concorrer todos os autores e autoras que o desexen, excepto a persoa gañadora da edición anterior, cunha novela curta escrita en lingua galega, conforme a normativa establecida pola Real Academia Galega.

2. As novelas, que serán orixinais e inéditas en todos os formatos, terán unha extensión non inferior a 50 folios nin superior a 120. Cada folio estará mecanografado a dobre espazo, a razón de entre 28 e 32 liñas, de 60 a 70 caracteres por liña como termo medio no conxunto da novela presentada. Con carácter xeral, a extensión mínima e máxima de cada novela virá determinada polos valores de folios, liñas e caracteres antes explicados. Os autores deberán facer constar na última páxina anexa o número total de caracteres con espazos do seu orixinal.

3. Presentaranse seis copias encadernadas de cada orixinal. En cada unha das copias figurará o título da novela e o seu lema. Ademais, acompañarase un sobre pechado no que figurará a citado lema e, no seu interior, o nome, enderezo, números de teléfono fixo/móbil do autor ou autora e recensión biográfica recente.

4. As novelas enviaranse ata o 31 de xullo de 2023, facendo constar no sobre Premio de Narrativa Breve Repsol, ao seguinte enderezo:

Complejo industrial Repsol A Coruña
Apartado de correos 700
15080 A Coruña

5. Achegarase aos orixinais, nun sobre pechado, unha declaración xurada asinada polo autor ou autora onde declare a

súa autoría sobre a novela, así como a súa orixinalidade. A non inclusión da devandita declaración xunto coa novela será motivo para que a novela en cuestión sexa excluída automaticamente, se considere non remitida e non presentada, e se destrúa.

6. Establécese un único premio dotado con **DOCE MIL EUROS (12.000,00 €)**. Esta cantidade estará suxeita á retención a conta do IRPF que legalmente corresponda.

7. O premio poderá declararse deserto sempre que o xurado considere que as novelas presentadas non reúnen a calidade suficiente.

8. A contía do premio inclúe a adquisición dos dereitos de explotación da primeira edición en galego de ata un máximo de 1.500 exemplares do texto ganador. Estes dereitos corresponderanlle en exclusiva á Fundación Repsol. A novela premiada será publicada pola Editorial Galaxia segundo o contrato de edición asinado para o efecto nos termos que acorden a Fundación Repsol e a Editorial Galaxia. En todas as edicións que se realicen se fará constar o nome de Premio de Narrativa Breve Repsol 2023.

9. O xurado estará composto por:

- Unha persoa nomeada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- Unha persoa nomeada pola Fundación Repsol.
- Unha persoa nomeada pola Real Academia Galega.
- Unha persoa nomeada pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.
- Unha persoa nomeada pola Editorial Galaxia.

A decisión do xurado será inapelable e farase pública no mes de setembro do ano 2023.

10. A entrega do premio terá lugar nun acto público que se levará a cabo na cidade da Coruña. Salvo por razóns de forza maior, a persoa gañadora deberá estar presente no acto de entrega do premio.

11. Os orixinais non premiados serán devoltos, sempre que os autores ou autoras así o soliciten por escrito, no prazo máximo de dous (2) meses a partir da data en que se faga pública a resolución do xurado. Os orixinais que non se retiren serán destruídos.

12. A participación no Premio de Narrativa Breve Repsol é voluntaria. A continuación atoparás información básica sobre como trataremos os teus datos de carácter persoal polo feito de participar nesta acción:

Responsable	Fundación Repsol, con domicilio en c/ Méndez Álvaro, 44 - 28045 Madrid.
Datos obxecto do tratamento	Todos os datos que nos proporcionas, así como os que deriven da túa participación no premio.
Finalidade	A realización das xestións necesarias para o desenvolvemento do premio, incluída a selección do gañador, a publicación do gañador, o contacto co gañador para a entrega do premio e a posterior entrega do premio a este.
Base lexítima do tratamento	O teu consentimento manifestado, expresamente, ao participar neste premio.
Destinatarios dos datos	Os que resulten necesarios conforme a lei e os provedores de servizos na súa condición de encargados do tratamento, así como a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
Dereitos da persoa interesada	Acceso, rectificación, oposición, supresión, limitación ao tratamento, portabilidade e a retirar o consentimento prestado. Podes atopar un maior detalle sobre estes dereitos na información ampliada, dispoñible na política de privacidade en www.fundacionrepsol.com . Poderanse exercer

	estes dereitos a través dunha comunicación ao enderezo do responsable. Así mesmo, poderás formular, en calquera momento, unha reclamación ante a autoridade de control.
Duración do tratamento	Durante o tempo que dure a acción e, unha vez finalizada, por un período de 6 anos.
Transferencias internacionais	As que resulten da nosa relación con provedores de servizos, coas garantías dispostas na política de privacidade dispoñible en www.fundacionrepsol.com .
Información adicional	Podes consultar información ampliada sobre como tratamos os teus datos na política de privacidade dispoñible en www.fundacionrepsol.com .

13. A participación no premio supón que o participante gañador autoriza expresamente que a Fundación Repsol poida facer difusión, en calquera medio de comunicación interno e/ou externo que estime oportuno, así como nas redes sociais nas que se desenvolva o premio, dos seus datos persoais consistentes no seu nome e apelidos coa exclusiva finalidade de divulgar o premio. Todo iso dentro da política de transparencia á que se atopa comprometida a Fundación Repsol e mesmo antes de que se produza a aceptación formal do premio ou no suposto de confirmarse que o participante non cumpre co resto de condicións impostas nas bases e perdese, consecuentemente, o dereito ao premio. A difusión e/ou publicación do seu nome como gañador non xerará ningún dereito ao seu favor para a adxudicación do premio se o participante non cumpre co resto de condicións recollidas nas bases, así que perderá o dereito ao premio, a pesar de calquera publicación.

14. O autor ou autora premiado comprométese a cederlle os dereitos de explotación da súa novela á Fundación Repsol de

forma inmediata tras ser premiado e, en exclusiva, con alcance territorial delimitado a España e por unha duración de cinco (5) anos coa finalidade de facela accesible ao público. O autor sempre será recoñecido como autor da novela; este é un dereito irrenunciabile e intransmisible.

Especificamente a cesión dos dereitos de explotación a favor da Fundación Repsol incluírá os dereitos de reprodución, distribución e comunicación pública da novela en calquera formato existente, así como a través de todos os medios de comunicación en liña ou fóra de liña que sexan necesarios para a correcta promoción da novela.

15. Nos aspectos non establecidos nestas bases ou naqueles que puidesen ser obxecto de interpretación, a decisión corresponderalles ás entidades organizadoras, as cales, unha vez consultados os membros do xurado, emitirán un ditame que será inapelable.

16. A participación na convocatoria do Premio Narrativa Breve Repsol 2023 implica a aceptación destas bases.

